

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15017880	CPI Plurilingüe de Fonte-Díaz	Touro	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Relixión Católica	4º Pri.	1	35

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	12
4.2. Materiais e recursos didácticos	13
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	13
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	13
6. Medidas de atención á diversidade	14
7.1. Concreción dos elementos transversais	15
7.2. Actividades complementarias	15
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	16
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	17
9. Outros apartados	18

1. Introducción

Desde a Relixión Católica pretendemos contribuír á formación integral do alumno, desenvolvendo especialmente a súa capacidade transcendente, facilitándolle unha proposta de sentido para a súa vida e iluminando o fundamento daqueles valores comúns que fan posible unha convivencia libre, pacífica e solidaria.

O acordo entre o Estado español e a Santa Sé sobre ensino e asuntos culturais contempla o dereito a recibir ensinanza de Relixión católica. Conforme a isto, a disposición adicional segunda da Lei Orgánica 2/2006 de 3 de maio de Educación establece que se incluírá a Relixión católica como área ou materia nos niveis educativos que corresponda.

E no Real Decreto 157/2022 de 1 de marzo dispónse que esta materia incluírase nesta etapa educativa e que será competencia da xerararquía eclesiástica da Igrexa católica a determinación do correspondente currículo.

Neste marco as ensinanzas de Relixión católica son de oferta obrigatoria para os centros escolares e de libre elección para as familias.

Así mesmo, a "Resolución de 21 de junio de 2022, de la Secretaría de Estado de Educación" establece os currículos das ensinanzas de Relixión católica correspondentes a Educación Infantil, Educación Primaria, Educación Secundaria e Bacharelato.

O centro para o que se prepara esta programación é un CPI, un centro sito no rural e que agrupa alumnado dende Infantil ata Secundaria e no unha alta porcentaxe de alumnado elixe a materia de Relixión.

A proposta educativa desta asignatura favorece o proceso educativo do alumnado, a sensibilidade espiritual e o despertar da experiencia relixiosa. Axuda a comprender e mellorar a nosa tradición cultural, as súas expresións e significado en contextos plurais e diversos.

Tamén complementa a necesaria educación en valores humanos e cristiáns.

Desde a Relixión católica pretendemos contribuír á formación integral do alumno, desenvolvendo especialmente a súa capacidade transcendente, facilitándolle unha proposta de sentido para a súa vida e iluminando o fundamento daqueles valores comúns que fan posible unha convivencia libre, pacífica e solidaria.

Esta área na escola caracterízase polas súas contribucións educativas expostas en liña cos obxectivos, fins e principios xerais e pedagóxicos do conxunto da etapa, tamén coas competencias clave. Coas aprendizaxes do currículo, inspirados na antropoloxía cristiá, enriquecése o proceso formativo dos nenos e nenas, se así o elixiron as súas familias: accédese a aprendizaxes culturais propios da tradición relixiosa e da contorna familiar que contribúen a madurar a identidade persoal; a aprendizaxes de hábitos e valores, necesarios para a vida individual e social; e a aprendizaxes vitais que dan sentido humano e cristián á vida e forman parte do necesario crecemento interior. Estas achegas do currículo de Relixión católica, á luz da mensaxe cristiá, responden a un compromiso de promoción humana coa inclusión de todos, fortalecen o poder transformador da escola e supoñen unha contribución propia ao perfil de saída do alumnado ao termo do ensino básico.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Descubrir, identificar e expresar os elementos cruce da dignidade e a identidade persoal en situacións vitais próximas, a través de biografías inspiradoras e relatos bíblicos de alcance antropolóxico, para ir conformando a propia identidade e as súas relacións con autonomía, responsabilidade e empatía.	1-3			1-4	1-2-5		2-3	3
OBX2 - Descubrir, recoñecer e estimar a dimensión socioemocional expresada na participación en diferentes estruturas de pertenza, desenvolvendo destrezas e actitudes sociais tendo en conta algúns principios xerais da ética cristiá, para a mellora da convivencia e a sustentabilidade do planeta.	2-5	3	5	3	3	1-2-4	1	

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX3 - Identificar e interpretar as situacións que prexudican ou melloran a boa convivencia, analizándoas coas claves persoais e sociais da proposta cristiá, para fomentar o crecemento moral, a cooperación cos demais e o desenvolvemento de valores orientados ao ben común.	1-5		3	1	3	3-4	1	3
OBX4 - Comprender e admirar o patrimonio cultural nalgunhas das súas expresións máis significativas, gozando da súa contemplación, analizando o universo simbólico e vital que transmiten, para valorar a propia identidade cultural, promover o diálogo intercultural e xerar creacións artísticas.	4	3		2-3		3		1-2-4
OBX5 - Explorar, desenvolver e apreciar a propia interioridade e experiencia espiritual, recoñecendo nas propias emocións, afectos, símbolos e crenzas, coñecendo a experiencia de personaxes relevantes da tradición xudeu cristián e doutras relixións, para favorecer o autocoñecemento persoal, entender as vivencias dos outros e promover o diálogo e o respecto entre as diferentes tradicións relixiosas.	1				1-3-5	3	2	1-3
OBX6 - Comprender os contidos básicos do cristianismo, valorando a súa contribución á sociedade, para dispoñer dunha síntese persoal que permita dialogar, desde a propia identidade social e cultural, con outras tradicións relixiosas e áreas de coñecemento.	2-3		4	1	4-5	1-4	3	1

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Coidamos o planeta.	A partir do relato de A creación falaremos da importancia do coidado do planeta e de todas as accións que podemos facer, individual e colectivamente, para a protección do mesmo.	15	4	X		
2	Somos importantes.	Leremos o relato da creación do home e a muller o que nos fai iguais en dignidade. Falaremos da igualdade entre homes e mulleres e a importancia do respecto entre nós.	15	4	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
3	Unha boa noticia para o mundo.	Traballaremos o relato do nacemento de Xesús enmarcándoo no momento histórico. Falaremos das celebracións típicas do Nadal e da solidariedade dos cristiáns.	15	7	X		
4	O mundo de Xesús.	Leremos diferentes relatos nos que Xesús axuda aos que o necesitan, elixe os apóstolos e fala coa xente. Falaremos das desigualdades que existían en tempos de Xesús e relacionarémolo coas desigualdades que existen na actualidade como podemos contribuír a mellolas.	15	5		X	
5	Por amor ao mundo.	Leremos os relatos dos últimos días da vida de Xesús. Descubriremos as celebracións da Semana Santa.	15	6		X	
6	O mundo que Xesús quería.	Traballaremos diferentes relatos nos que Xesús fala do amor, do perdón e da felicidade. Falaremos do amor como camiño para acadar a felicidade.	15	5			X
7	Formamos unha gran familia.	Descubriremos a gran familia de Xesús, a súa familia, os seus amigos e os seus discípulos.	10	4			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Coidamos o planeta.	4

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Desenvolver sensibilidade sobre o valor da vida e da igual dignidade do ser humano, e o seu papel no coidado da natureza, tomando como modelo personaxes bíblicos e da tradición cristiá.	Valora os xestos de coidado en prol da dignidade da vida das persoas e é consciente da súa importancia no coidado e protección dos animais e da natureza.	TI	100
CA1.11 - Comprender a importancia da alianza de Deus co pobo de Israel que ten a súa continuación en Xesucristo, e as súas achegas sociais e culturais na historia.	Mantén actitudes de respecto cara as achegas sociais e culturais cristiáns e doutras relixións.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Identidade persoal e relacións en diálogo coa mensaxe cristiá. - Cosmovisións, tradición cristiá e cultura. - Transmisión do sentimento relixioso a través da música e as artes.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Obras artísticas que representan momentos da tradición bíblica e que son configuradoras da súa identidade cultural. - Habitar o mundo plural e diverso para construír a casa común. - O coidado da contorna natural e social como casa común. - A proposta moral cristiá para a vida en sociedade.

UD	Título da UD	Duración
2	Somos importantes.	4

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer e expresar a través de composicións orais, escritas e artísticas os elementos cruce da dignidade e a identidade persoal, relacionándoas con diferentes situacións vitais, tendo en conta biografías e relatos bíblicos de vocación e misión.	É quen de destacar na composición dunha obra artística os personaxes bíblicos protagonistas e relacionalos con algunha acción ou narración identificativa súa.	PE	25
CA1.2 - Desenvolver sensibilidade sobre o valor da vida e da igual dignidade do ser humano, e o seu papel no coidado da natureza, tomando como modelo personaxes bíblicos e da tradición cristiá.	Valora os xestos de coidado en prol da dignidade das persoas e é consciente da súa importancia no coidado e protección dos animais e da natureza.	TI	75
CA1.10 - Identificar as virtudes e actitudes que axudan a un crecemento persoal e espiritual, a través do autoconecemento e do acceso a outras experiencias de personaxes da tradición cristiá.	Aproveita o encontro cos demais como oportunidade para a corrección da súa propia responsabilidade e desenvolvemento dos valores que nos ensinou Xesús.		
CA1.11 - Comprender a importancia da alianza de Deus co pobo de Israel que ten a súa continuación en Xesucristo, e as súas achegas sociais e culturais na historia.	Mantén actitudes de respecto cara as achegas sociais e culturais cristiás e doutras relixións.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Identidade persoal e relacións en diálogo coa mensaxe cristiá. - A dignidade do ser humano. - Cosmovisións, tradición cristiá e cultura. - Transmisión do sentimento relixioso a través da música e as artes. - Antigo e Novo Testamento. - A importancia da alianza de Deus co pobo de Israel. - Obras artísticas que representan momentos da tradición bíblica e que son configuradoras da súa identidade

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - cultural. - Habitar o mundo plural e diverso para construír a casa común. - A proposta moral cristiá para a vida en sociedade. - Hábitos e actividades para o logro dos obxectivos de desenvolvemento sostible á luz da ética cristiá.

UD	Título da UD	Duración
3	Unha boa noticia para o mundo.	7

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Apreciar as relacións sociais como fonte de felicidade e desenvolvemento persoal, tomando como punto de partida os relatos sobre a comunidade de Xesús de Nazaret, os Apóstolos e a Igrexa, asumindo responsabilidades no coidado das persoas e do planeta.	Agradece o tempo compartido e aprecia as relacións sociais como fonte de felicidade e desenvolvemento persoal.	TI	100
CA1.6 - Distinguir algúns dos valores propios do cristianismo e a súa presentación en pasaxes dos evanxeos, para aplicar a cooperación e a mediación, a resolución pacífica de conflitos e a construción do ben común en situacións próximas.	Indica algúns dos valores propios do cristianismo para aplicar a cooperación, resolución pacífica de conflitos e a construción do ben de todos.		
CA1.7 - Admirar diferentes expresións do patrimonio cultural e da relixiosidade popular, recoñecendo a súa beleza e o seu significado relixioso e a súa vinculación con textos bíblicos, valorando a súa achega á identidade cultural.	Dálle aprecio a expresións artísticas do patrimonio relixioso popular da dúa contorna, valorando a súa achega á identidade do lugar.		
CA1.8 - Observar nas celebracións litúrxicas, os espazos sacros e os sacramentos da Igrexa elementos esenciais do cristianismo, poñéndoos en relación coa vida de Xesús e a tradición da Igrexa.	Comenta o que máis interese lle provoca das celebracións litúrxicas ás que asiste e se tivo oportunidade de ver a aplicación de algún sacramento.		
CA1.11 - Comprender a importancia da alianza de Deus co pobo de Israel que ten a súa continuación en Xesucristo, e as súas achegas sociais e culturais na historia.	Mantén atitudes de respecto cara as achegas sociais e culturais cristiás e doutras relixións.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Identidade persoal e relacións en diálogo coa mensaxe cristiá. - Relatos bíblicos de vocación e misión. - Cosmovisións, tradición cristiá e cultura. - Identificación de diversos símbolos e tradicións relixiosas, en torno ao calendario litúrxico e os sacramentos.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Transmisión do sentimento relixioso a través da música e as artes. - Obras artísticas que representan momentos da tradición bíblica e que son configuradoras da súa identidade cultural. - Habitar o mundo plural e diverso para construír a casa común. - Ética do coidado: a responsabilidade, a compaixón, o perdón e o amor. - Proxectos de servizo e solidariedade promovidos pola Igrexa.

UD	Título da UD	Duración
4	O mundo de Xesús.	5

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Adquirir destrezas e habilidades sociais que potencien a súa inclusión no grupo e contornas culturais próximos, a través da lectura de pasaxes bíblicas do Novo Testamento e a análise de comportamentos de coidado, responsabilidade, solidariedade e perdón.	Tenta adquirir destrezas e habilidades sociais axeitas para mellorar a súa inclusión no grupo clase.	TI	100
CA1.4 - Apreciar as relacións sociais como fonte de felicidade e desenvolvemento persoal, tomando como punto de partida os relatos sobre a comunidade de Xesús de Nazaret, os Apóstolos e a Igrexa, asumindo responsabilidades no coidado das persoas e do planeta.	Agradece o tempo compartido e aprecia as relacións sociais como fonte de felicidade e desenvolvemento persoal.		
CA1.6 - Distinguir algúns dos valores propios do cristianismo e a súa presentación en pasaxes dos evanxeos, para aplicar a cooperación e a mediación, a resolución pacífica de conflitos e a construción do ben común en situacións próximas.	Indica algúns valores propios do cristianismo para aplicar a cooperación, resolución pacífica de conflitos e a construción do ben de todos.		
CA1.9 - Recoñecer e valorar o encontro cos demais como oportunidade para o desenvolvemento da propia interioridade, tendo como referencia os encontros de Xesús de Nazaret.	Aproveita o encontro cos demais como oportunidade para a corrección da súa propia personalidade e desenvolvemento dos valores que nos ensinou Xesús.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Identidade persoal e relacións en diálogo coa mensaxe cristiá. - A centralidade da persoa na mensaxe cristiá. - Relatos bíblicos de vocación e misión. - As relacións cos outros como oportunidade de autoconecemento e crecemento persoal. - Cosmovisións, tradición cristiá e cultura.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Transmisión do sentimento relixioso a través da música e as artes. - A relación de Xesús coas persoas do seu tempo. - Obras artísticas que representan momentos da tradición bíblica e que son configuradoras da súa identidade cultural. - Habitar o mundo plural e diverso para construír a casa común. - Unha mirada cristiá á realidade: a toma de conciencia das situacións sociais inxustas.

UD	Título da UD	Duración
5	Por amor ao mundo.	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.7 - Admirar diferentes expresións do patrimonio cultural e da relixiosidade popular, recoñecendo a súa beleza e o seu significado relixioso e a súa vinculación con textos bíblicos, valorando a súa achega á identidade cultural.	Dálle aprecio a expresións artísticas do patrimonio relixioso popular da súa contorna, valorando a súa achega á identidade do lugar.	PE	34
CA1.6 - Distinguir algúns dos valores propios do cristianismo e a súa presentación en pasaxes dos evanxeos, para aplicar a cooperación e a mediación, a resolución pacífica de conflitos e a construción do ben común en situacións próximas.	Indica algúns valores propios do cristianismo para aplicar á cooperación, resolución pacífica de conflitos e a construción do ben de todos.	TI	66
CA1.8 - Observar nas celebracións litúrxicas, os espazos sacros e os sacramentos da Igrexa elementos esenciais do cristianismo, poñéndoos en relación coa vida de Xesús e a tradición da Igrexa.	Comenta o que máis interese lle provoca das celebracións litúrxicas ás que asiste e se tivo a oportunidade de ver a aplicación de algún sacramento.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Identidade persoal e relacións en diálogo coa mensaxe cristiá. - Relatos bíblicos de vocación e misión. - Cosmovisións, tradición cristiá e cultura. - Identificación de diversos símbolos e tradicións relixiosas, en torno ao calendario litúrxico e os sacramentos. - Transmisión do sentimento relixioso a través da música e as artes. - María, Nai da Igrexa. - Obras artísticas que representan momentos da tradición bíblica e que son configuradoras da súa identidade cultural. - Habitar o mundo plural e diverso para construír a casa común.

Contidos
- Ética do coidado: a responsabilidade, a compaixón, o perdón e o amor.

UD	Título da UD	Duración
6	O mundo que Xesús quería.	5

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Adquirir destrezas e habilidades sociais que potencien a súa inclusión no grupo e contornas culturais próximos, a través da lectura de pasaxes bíblicas do Novo Testamento e a análise de comportamentos de coidado, responsabilidade, solidariedade e perdón.	Tenta adquirir destrezas e habilidades sociais axeitas para mellorar a súa inclusión no grupo clase.	TI	100
CA1.4 - Apreciar as relacións sociais como fonte de felicidade e desenvolvemento persoal, tomando como punto de partida os relatos sobre a comunidade de Xesús de Nazaret, os Apóstolos e a Igrexa, asumindo responsabilidades no coidado das persoas e do planeta.	Agradece o tempo compartido e aprecia as relacións sociais como fonte de felicidade e desenvolvemento persoal.		
CA1.5 - Colaborar e promover cos demais a análise de situacións que prexudican ou melloran a convivencia e a posta en marcha de accións responsables que favorezan a construción dun mundo máis equitativo e inclusivo.	Promove cos demais situacións que melloran a convivencia e accións responsables que favorecen a construción dun mundo máis inclusivo e equitativo.		
CA1.9 - Recoñecer e valorar o encontro cos demais como oportunidade para o desenvolvemento da propia interioridade, tendo como referencia os encontros de Xesús de Nazaret.	Aproveita o encontro cos demais como oportunidade para a corrección da súa propia personalidade e desenvolvemento dos valores que nos ensinou Xesús.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Identidade persoal e relacións en diálogo coa mensaxe cristiá. - A centralidade da persoa na mensaxe cristiá. - Técnicas de mediación para a resolución pacífica de conflitos á luz do Evanxeo. - As relacións cos outros como oportunidade de autocoñecemento e crecemento persoal. - Cosmovisións, tradición cristiá e cultura. - Transmisión do sentimento relixioso a través da música e as artes. - A relación de Xesús coas persoas do seu tempo. - Xesús anuncia o Reino de Deus: fraternidade e misericordia. - Aprecio da importancia de vivir a fe en comunidade para a persoa crente.

Contidos

- A importancia do perdón para a construción de relacións sociais sólidas, solidarias e fraternas. O sacramento da reconciliación.
- Obras artísticas que representan momentos da tradición bíblica e que son configuradoras da súa identidade cultural.
- Habitar o mundo plural e diverso para construír a casa común.
- Ética do coidado: a responsabilidade, a compaixón, o perdón e o amor.
- Unha mirada cristiá á realidade: a toma de conciencia das situacións sociais inxustas.
- Actitudes de respecto e inclusión para crear contornas de convivencia intercultural.

UD	Título da UD	Duración
7	Formamos unha gran familia.	4

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer e expresar a través de composicións orais, escritas e artísticas os elementos crave da dignidade e a identidade persoal, relacionándoas con diferentes situacións vitais, tendo en conta biografías e relatos bíblicos de vocación e misión.	É quen de destacar na composición dunha obra artística os personaxes bíblicos protagonistas e relacionalos con algunha acción ou narración significativa súa.	PE	16
CA1.4 - Apreciar as relacións sociais como fonte de felicidade e desenvolvemento persoal, tomando como punto de partida os relatos sobre a comunidade de Xesús de Nazaret, os Apóstolos e a Igrexa, asumindo responsabilidades no coidado das persoas e do planeta.	Agradece o tempo compartido e aprecia as relacións sociais como fonte de felicidade e desenvolvemento persoal.	TI	84
CA1.5 - Colaborar e promover cos demais a análise de situacións que prexudican ou melloran a convivencia e a posta en marcha de accións responsables que favorezan a construción dun mundo máis equitativo e inclusivo.	Promove cos demais situacións que melloran a convivencia e accións responsables que favorecen a construción dun mundo máis equitativo e inclusivo.		
CA1.8 - Observar nas celebracións litúrxicas, os espazos sacros e os sacramentos da Igrexa elementos esenciais do cristianismo, poñéndoos en relación coa vida de Xesús e a tradición da Igrexa.	Comenta o que máis interese lle provoca das celebracións litúrxicas ás que asiste e se tivo a oportunidade de ver a aplicación de algún sacramento.		
CA1.10 - Identificar as virtudes e actitudes que axudan a un crecemento persoal e espiritual, a través do autoconecemento e do acceso a outras experiencias de personaxes da tradición cristiá.	Identifaca os silencios como momentos de clama e tranquilidade coma os axetidos para pensar ou orar.		
CA1.12 - Valorar a Igrexa como comunidade que continuou coa misión de Xesús resucitado, desde as primeiras comunidades cristiás ata a actualidade, recoñecendo as súas celebracións, tradicións e contribucións sociais.	Valora a Igrexa como comunidade que ten a misión de descubrirmos a Xesús nas celebracións, tradicións e contribucións á sociedade.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Identidade persoal e relacións en diálogo coa mensaxe cristiá.
- A importancia da familia e a comunidade como fonte de felicidade.
- As relacións cos outros como oportunidade de autocoñecemento e crecemento persoal.
- Toma de conciencia da experiencia persoal e do modo de relacionarnos cos demais e con Deus.
- Cosmovisións, tradición cristiá e cultura.
- Transmisión do sentimento relixioso a través da música e as artes.
- Relatos bíblicos que describen a vida de Xesús de Nazaret cos Apóstolos e as primeiras comunidades cristiás.
- A Igrexa, Pobo de Deus, como comunidade que vive e celebra. O sacramento da Eucaristía.
- Aprecio da importancia de vivir a fe en comunidade para a persoa crente.
- Tipos de oración: características e diferenzas.
- Obras artísticas que representan momentos da tradición bíblica e que son configuradoras da súa identidade cultural.
- Valor cultural e artístico do patrimonio da diocese.
- Habitar o mundo plural e diverso para construír a casa común.
- Proxectos de servizo e solidariedade promovidos pola Igrexa.
- Actitudes de respecto e inclusión para crear contornas de convivencia intercultural.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía para a materia de relixión católica fundaméntase na atención personalizada ao alumnado, na diversidade de actividades, estratexias, en experiencias de aprendizaxe significativa e emocionalmente positivas, no coidado do desenvolvemento afectivo e cognitivo dos alumnos e alumnas, na aprendizaxe individualizada e cooperativa, na relación das aprendizaxes coa contorna, nun enfoque competencial orientado á acción, ao emprendemento e á aplicación dos saberes.

Para a atención personalizada, na aula utilizamos dinámicas de educación emocional e comunicación empática. O método de traballo pode ser individual ou cooperativo, en grupo pequeno ou con todo o grupo-clase: realizaranse tarefas que promovan a colaboración, non a competitividade, e aplicaranse técnicas de traballo formal e non formal.

Aplicaremos os principios do DUA (Deseño Universal de Aprendizaxe) proporcionando varios xeitos de implicación, múltiples formas de representación da información e múltiples formas de acción e expresión da aprendizaxe. Trátase de que todo o alumnado teña oportunidade de aprender.

A nivel máis concreto usaremos situacións de aprendizaxe que recrean na aula situacións significativas e cotiás do entorno persoal, familiar, social e cultural dos nenos e nenas e que se refiren ás súas necesidades e intereses.

A complexidade dos retos e problemas que presentan estas situacións serán axeitados ao desenvolvemento do alumnado. As actividades que se programen terán que provocar o diálogo, o pensamento creativo e autónomo, o bo trato, a convivencia e o respecto á diferenza.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Material específico e convencional da aula .
Material impreso.
Material informático e medios audiovisuais. TIC e TAC.
Material non específico. Material do medio natural, de refugallo...
Recursos persoais ou humanos.
Material funxible variado.

Os materiais curriculares axeitaranse aos tipos de contidos, ás características e necesidades específicas de cada contexto educativo e, especialmente ás características individuais do noso alumnado.

Estes materiais permitirán distintos graos de uso; para iso, serán o máis diversos posible, e ofrecerán múltiples posibilidades de utilización en función das necesidades de cada situación e momento. Entre o material que empregaremos para o correcto desenvolvemento desta programación destacamos:

*Material impreso, coma os libros: a Biblia (infantil e xuvenil), contos, cómics...

*Material informático e medios audiovisuais: ordenador con conexión a internet, panel dixital, películas animadas do Antigo e do Novo Testamentos...

*Material non específico: material de refugallo para a elaboración de manualidades.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial permítenos apreciar os coñecementos previos do alumnado para realizar as adaptacións oportunas e necesarias e poder partir dos seus coñecementos previos á hora de levar a cabo o desenvolvemento das diferentes secuencias didácticas e actividades.

A avaliación inicial ao principio de cada curso será a través de actividades lúdicas moi sinxelas, en concreto, xogos a partir de imaxes, e a través do diálogo na aula.

Terá carácter informativo e será o referente para o desenvolvemento do currículo, así como para adoptar as medidas de apoio, reforzo en alumnado con necesidades de atención mais específicas, e de recuperación, que considere máis oportunas para cada alumno/a.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	15	15	15	15	15	15	10	100
Proba escrita	0	25	0	0	34	0	16	10
Táboa de indicadores	100	75	100	100	66	100	84	90

Criterios de cualificación:

A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado será continua, formativa e integradora.

Avaliación continua: levase a cabo día a día, tanto de maneira global, da marcha da clase, como individualizada, mediante os instrumentos: observación das actitudes dos alumnos/as, habilidades e destrezas adquiridas, traballo de clase, seguimento do caderno, e algunha proba obxectiva. Servirá para ver se acadan obxectivos e competencias previstos e ademais para comprobar se se segue co tema ou hai que retomar aspectos que non quedan claros.

Os criterios de cualificación son os instrumentos que se utilizan para obter o resultado da cualificación do alumnado nunha determinada avaliación.

Estes instrumentos (que se estableceren con escalas de observación, rexistros, rúbricas... segundo a consecución do logro de maior a menor grado) permitirán recoller información relevante sobre os resultados de aprendizaxe e en base aos seguintes criterios de cualificación:

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN CRITERIOS DE CALIFICACIÓN

- Proba obxectiva (60%)
- Preguntas orais (responde ás preguntas orais).....(10%)
- Realización das tarefas encomendadas (realiza as tarefas seguindo as normas de clase, esfórzase e participa nas actividades)..... (10%)
- Atención ás explicacións(atende e participa en clase, respecta aos mestres e aos compañeiros e respecta as normas de clase) (20%)

Cos resultados obtidos dos instrumentos que medimos na avaliación asignarase unha cualificación.

Criterios de recuperación:

O alumnado que precise recuperar, recibirá os apoios necesarios para recuperar as aprendizaxes que non alcanzase con pautas que faciliten a recuperación e o progreso na aprendizaxe con propostas sinxelas de reforzo...

Tras aplicar as medidas ordinarias suficientes, adecuadas e personalizadas para atender o desfasamento curricular ou as dificultades de aprendizaxe do alumno ou alumna, solicitaríase, se fose preciso, a axuda ao equipo de orientación do centro e ao titor/a do alumno/a para organizar un plan específico de reforzo para que, durante o resto de curso, poida alcanzar o grao de adquisición das competencias correspondentes.

6. Medidas de atención á diversidade

De forma xenérica, podemos dicir que no artigo 75 da LOMLOE se indica a necesidade de actuar baixo o prisma da inclusión e atención á diversidade en todos os ámbitos educativos.

Nesta etapa porase especial énfase na atención individualizada aos alumnos, na realización de diagnósticos precoces e no establecemento de mecanismos de apoio e reforzo para evitar a repetición escolar, particularmente en contornas socialmente desfavorecidas. Nas devanditas contornas as Administracións procederán a un axuste das cocientes(ratios) alumno/unidade como elemento favorecedor destas estratexias pedagóxicas.

O principio de heteroxeneidade comporta a existencia de distintos ritmos e niveis de aprendizaxe nunha mesma clase polo que o respecto e a atención á diversidade son fundamentais.

A finalidade de atender á diversidade é garantir un adecuado desenvolvemento do alumnado en función das súas necesidades educativas.

Ao comezo do curso realizaremos unha proba de avaliación inicial que nos permitirá detectar se temos alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

Dependendo do tipo de necesidades poderemos establecer distintas medidas de atención á diversidade como son o reforzo, o apoio ou a adaptación curricular que será deseñada especificamente para cada alumno en coordinación co titor/a, o departamento de orientación e o resto dos profesores que lle imparten clase.

Ao longo das unidades didácticas atenderase á diversidade de todo o alumnado propoñendo actividades non discriminatorias, métodos de carácter compensador, actividades variadas para os diferentes ritmos, instrumentos de avaliación flexibles, ou valores que inclúan a pluralidade do alumnado.

Plantéxanse actividades moi sinxelas, máis manipulativas e visuais para aquel alumnado que teña un ritmo de aprendizaxe máis lento ou que amose dificultades concretas nalgún contido. Tamén se propoñen actividades máis complexas para aquel alumnado que teña un maior ritmo de aprendizaxe ou que posúa aptitudes para ampliar certos contidos.

Para os alumnos con altas capacidades intelectuais ou unhas condicións extraordinarias para a materia facilitarase unhas actividades de ampliación, así como traballos voluntarios.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
ET.1 - Tolerancia, respecto e compañeirismo.	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Educación para a superación de desigualdades por razón de xénero.	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Competencia dixital.	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Educación para o respecto ao medio ambiente. Educación ambiental.	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Educación para a PAZ.	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Comprensión da lectura.	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible.	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual.	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Educación emocional e en valores.	X	X	X	X	X	X	X

Observacións:

En beneficio dunha educación integral e sostible, traballaranse inerdisciplinarmente os elementos transversais que arriba se sinalan ao longo de todo o curso. Así mesmo, e sendo a área de Relixión Católica e si unha educación en valores, traballaranse tamén aspectos como a solidariedade, o compañeirismo, a tolerancia, a interculturalidade, a igualdade entre homes e mulleres, o amor...

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Adornos de Nadal con material de refugallo.	Aproveitaremos materiais de refugallo como tapóns de botellas, paus de xeado ou corchos para a elaboración de adornos de Nadal.	X		
Día da Paz.	O alumnado deste nivel participará nas actividades propostas dende a biblioteca escolar para festexar o día 30 de xaneiro.		X	
Apadriñamentos lectores.	Participaremos nos apadriñamentos lectores propostos dende a biblioteca escolar con motivo de datas sinaladas como o Nadal ou o Día do libro.			X

Observacións:

As actividades complementarias que propostas serán experiencias de aprendizaxe emocionalmente positivas e divertidas, e, aplicaranse nun ambiente de afecto e confianza, para potenciar a súa autoestima e integración social e o establecemento dun apego seguro.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Avalío constantemente miña propia práctica docente
Metodoloxía empregada
Tento facer clases amenas e motivadoras
Priorizo os valores cristiáns e procedementos, sobre os conceptos.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Emprego de ferramentas TIC.
Medidas de atención á diversidade
Utilizo medidas de atención á diversidade
Clima de traballo na aula
Consigo que o alumnado traballe en equipo
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Traballo en equipo con outros mestres/as.

Descrición:

PROCEDEMENTOS PARA AVALIAR

Economía de fichas que traballen sobre os estándares definidos da unidade.

Probas escritas que recollan os estándares de aprendizaxe.

Produtos finais derivados de tarefas aplicadas en contexto real.

Debuxos que representen aquilo que aprenderon.

Diferentes ferramentas de auto e coavaliación do traballo realizado na aula.

INDICADORES DE LOGRO

Os indicadores de logro marcan o grado de cumprimento do alumnado dun estándar de aprendizaxe e, en consecuencia dunha competencia específica.

A normativa recolle que o profesorado avaliará tanto as aprendizaxes do alumnado coma os procesos de ensino e a súa propia práctica docente, para o cal establecerá indicacións de logro nas programacións docentes polo tanto ademais da avaliación do alumnado, neste apartado inclúo a avaliación do proceso de ensino-aprendizaxe e a miña propia actuación como mestra de Relixión.

* Avaliación da programación:

.Que porcentaxe do alumnado alcanzou os obxectivos e de aprendizaxe da unidade?

.Que é o que mellor funcionou nesta unidade?

.Que cambiaría no desenvolvemento da unidade o próximo curso? Por que?

* Avaliación e análise da miña propia actuación, tendo en conta aspectos como a PROGRAMACIÓN en si, a adecuación de obxectivos e contidos, ou axuste ás características e intereses do alumnado, as medidas de atención á

diversidade, os recursos e o uso que fixen das TIC e TAC, se os elementos transversais incluídos foron suficientes, como foi a organización e clima da aula, a interacción co resto da comunidade educativa e coas familias durante todo o curso.

Será global, formativa e continua e, farase de xeito continuo a través da reflexión diaria sobre o traballo que se leve a cabo co alumnado e cos resultados obtidos. Levarase a cabo en tres momentos: inicial para comprobar coñecementos previos e ou momento evolutivo do alumno/a; continua ou formativa que se realiza durante o proceso e obsérvanse e valóranse os progresos, dificultades e necesidades do alumno/a para axustar a intervención pedagóxica; final ou sumativa ao concluír ou proceso de E-A que me permitirá comprobar e valorar o grao de consecución dos obxectivos por parte do alumnado, a eficacia do traballo da propia práctica como docente e de todo o proceso en si.

Os procedementos e instrumentos de avaliación do aprendizaxe dos alumnos que usaremos son os seguintes:

*Observación directa e sistemática : como xa comentei, con escalas de observación, rexistro anecdótico persoal, rúbricas, rexistro dos alumnos

en canto a esforzo, actitude, interese e participación.

*Expresión oral de experiencias e contidos: diálogos, asembleas, postas en común, preguntas individuais e en grupo.

*Traballo na aula: análise da produción dos alumnos (plásticas, escritas, orais).

En caso de ter un caso de NEE na aula, avaliarei segundo a súa ACI, sen impedir promocionar ao alumnado

En caso de NEAE, adaptaremos a avaliación a esas necesidades.

Con casos de alumnado con necesidades existe a posibilidade de facer axustes de rateos.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

PROCEDEMENTOS DE SEGUIMENTO

Coa LOMLOE se establece que a avaliación será continua e global e que se deben establecer medidas de reforzo tan pronto como se detecten dificultades no proceso de E-A de cada alumno/a.

Ao ser unha avaliación continua, lévase a cabo día a día, tanto de maneira global, da marcha da clase, como individualizada, mediante:

* O seguimento a través da aplicación Proens, revisando os datos de cada UD: data de inicio e final, sesións previstas e sesións realizadas, grao de cumprimento, propostas xerais de mellora e outras observacións.

*Os instrumentos xa sinalados para cada UD: observación das actitudes dos alumnos/as, habilidades e destrezas adquiridas, traballo de clase, seguimento da economía de fichas ou do caderno, e probas obxectivas. Servirá para ver se van acadando os obxectivos e competencias previstos e ademais para que o mestre/a sepa se pode seguir avanzando ou ten que retomar aspectos que non quedaron demasiado claros.

A AVALIACIÓN do alumnado levarase a cabo por parte do equipo docente de forma colexiada e nunha única sesión ao finalizar o curso. O resto, son parte do proceso de seguimento do progreso dos alumnos/as, isto é, avaliación continua que se fai cada trimestre do curso.

PROPOSTAS DE MELLORA de cara ao presente curso e de cara ao seguinte ano académico:

ADECUACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

* Preparación da clase e dos materiais didácticos.

- Hai coherencia entre a programación e o desenvolvemento das clases.

- Existe unha distribución temporal equilibrada.

- O desenvolvemento da clase adecúase ás características do grupo.

* Utilización dunha metodoloxía adecuada e de distintos recursos, incluíndo diversos medios audiovisuais (TACs)

- A metodoloxía axústase ás necesidades e intereses do alumnado.

- A metodoloxía fomenta a motivación e o desenvolvemento das capacidades do alumno/a

- Faise uso de distintos recursos, incluíndo diversos medios audiovisuais e Tecnoloxías da aprendizaxe e Comunicación (TACs)

* Regulación da práctica docente

-Grao de seguimento dos alumnos medio- alto .

- Validez dos recursos utilizados na clase para as aprendizaxes.

- Os criterios de promoción están acordados entre os profesores.

* Avaliación das aprendizaxes e información que deles se lles dá ao alumnado e ás familias

- Os criterios para unha avaliación positiva atópanse vinculados aos obxectivos e aos contidos.

- Consecución dos alumnos dos estándares de aprendizaxe programados

- Os instrumentos de avaliación permiten rexistrar numerosas variables da aprendizaxe.

- Os criterios de cualificación están axustados á tipoloxía de actividades planificadas.

- Os aprendizaxes mínimos e os criterios de cualificación déronse a coñecer:
- * Aos alumnos.
- * Ás familias.
- * Utilización de medidas para a atención á diversidade
- Ofreceuse resposta ás diferentes capacidades e ritmos de aprendizaxe.
- As medidas e os recursos ofrecidos foron suficientes.
- Aplica medidas extraordinarias recomendadas polo equipo docente atendendo aos informes psicopedagóxicos.

9. Outros apartados